Concello
de Arzúa

PROVIDENCIA DE ALCALDÍA

Esta alcaldía considera necesario proceder á execución da obra denominada "CAMIÑO CAMPO DA FESTA-RENDAL DE ABAIXO-FUCARELOS E OUTROS".

Tendo en conta que se trata dun contrato de obras de valor estimado inferior a 80.000 euros, para a adxudicación deste contrato seguirase a tramitación establecida para o procedemento aberto simplificado, regulado no artigo 159 da LCSP.

En relación á clasificación esixida aos participantes, para ser adxudicatario do presente contrato non é preciso estar en posesión da clasificación empresarial, sen prexuízo da necesidade de acreditar a correspondente solvencia económica e financeira e técnica ou profesional con arranxo ao disposto nos artigos 87.3 e 88.3 da LCSP para os contratos non suxeitos ao requisito de clasificación. Non obstante, os licitadores poderán acreditar a súa solvencia indistintamente mediante o cumprimento dos requisitos específicos de solvencia establecidos, ou mediante a súa clasificación no seguinte grupo, subgrupo e categoría: GRUPO G, SUBGRUPO 6, CATEGORÍA 1.

Os criterios de adxudicación elixidos son os seguintes:

- Criterios avaliables mediante xuízos de valor:

a) Programa de traballo.....ata 10 puntos

As ofertas que presenten un programa de traballo específico e totalmente adaptado á obra.	Ata 10 puntos
As ofertas que presenten un programa de traballo específico e adaptado á obra.	Ata 7,5 puntos
As ofertas que presenten un programa de traballo xenérico e parcialmente adaptado á obra.	Ata 4 puntos
As ofertas que presenten un programa de traballo insuficiente.	Ata 2,5 puntos
As ofertas que presenten un programa de traballo non adaptado e incompleto.	Ata 0,50 puntos

b) Programa detallado de actuación ambiental.....ata 5 puntos

As ofertas que presenten unha actuación ambiental específica e adaptado á obra.	Ata 5 puntos
As ofertas que presenten unha actuación ambiental xenérica e parcialmente adaptada.	Ata 2 puntos
As ofertas que presenten unha actuación ambiental insuficiente.	Ata 1 puntos
As ofertas que presenten unha actuación ambiental non adaptada e incompleta.	Ata 0,5 puntos

c) Plan de control de calidade.....ata 5 puntos

As ofertas que presenten un plan de control interno de calidade específico e totalmente adaptado á obra.	Ata 5 puntos
As ofertas que presenten un plan de control interno de calidade específico e adaptado á obra.	Ata 4 puntos
As ofertas que presenten un plan de control interno de calidade xenérico e parcialmente adaptado á obra.	Ata 2 puntos
As ofertas que presenten un plan de control interno de calidade insuficiente.	Ata 1 puntos
As ofertas que presenten un plan de control interno de calidade non adaptado e incompleto.	Ata 0,50 puntos

d) Esquema do Plan de seguridade e saúde.....ata 5 puntos

As ofertas que presenten un esquema do plan de seguridade e saúde específico específico e adaptado á obra.	Ata 5 puntos
As ofertas que presenten un esquema do plan de seguridade e saúde xenérico e parcialmente adaptado á obra.	Ata 3 puntos
As ofertas que presenten un esquema do plan de seguridade e saúde insuficiente.	Ata 1,5 puntos
As ofertas que presenten un esquema do plan de seguridade e saúde non adaptado e incompleto.	Ata 0,50 puntos

- Criterios avaliables de forma automática mediante aplicación de fórmulas:

e) Oferta económica:.....ata 60 puntos

Á oferta económica que conteña o prezo mais baixo outorgaránselle 60 puntos. O resto das ofertas valoraranse proporcionalmente.

f) Porcentaxe de control interno de calidade.....ata 10 puntos

Outorgarase a máxima puntuación ás proposicións que oferten o maior porcentaxe e as restantes proposicións puntuaranse proporcionalmente.

g) Proposta de redución de prazos de execución.....ata 5 puntos

Valorarase ata 5 puntos coa fórmula elaborada polo departamento de matemática aplicada da Universidade de Santiago de Compostela.

Non se establecen para este contrato condicións especiais de execución.

De conformidade co disposto na Disposición Final Sexta da LCSP sobre habilitación normativa en materia de uso de medios electrónicos, e en espera das normas de desenvolvemento da Disposición Adicional Decimosexta que poidan ser necesarias para facer plenamente efectivo o uso de medios electrónicos, informáticos ou telemáticos nos procedementos regulados nesta Lei, a presente licitación non ten carácter electrónico.

En base ao exposto, **DISPOÑO:**

PRIMEIRO.- Iniciar o expediente administrativo para levar a cabo adxudicación do contrato administrativo de obras denominado "CAMIÑO CAMPO DA FESTA-RENDAL DE ABAIXO-FUCARELOS E OUTROS".

SEGUNDO.- Que se incorporen ao expediente os correspondentes Pregos de Cláusulas Administrativas Particulares.

TERCEIRO.- Que se emita o informe correspondente por parte da Secretaría e Intervención.

CUARTO.- De ser favorables os informes, que se someta o expediente a consideración do órgano de contratación para que resolva o que proceda.

Arzúa, 30 de xullo de 2018.

O alcalde

Asdo. José Luis García López